

Xornada

A VULNERABILIDADE NA ENCRUCILLADA  
PENSADORAS CONTEMPORÁNEAS E EXPERIENCIAS NO ÁMBITO SANITARIO

17 de xuño de 2021

**Fina Birulés**

Profesora de Filosofía Contemporánea na Universitat de Barcelona (1979-2020) e investigadora do Seminari Filosofia i Gènere-ADHUC. As súas liñas de investigación son: subxectividade política, historia, cuestións de teoría feminista e estudo da produción filosófica feminina, con especial atención a Hannah Arendt e outras filósofas do século XX.

Publicacións recentes: *Entreactes. Entorn del pensament, la política i el feminisme* (2014); *Feminisme, una revolució sense model* (2018); *L'embolic del gènere. Per què els cossos importen?* (con J. Butler e M. Segarra, 2019); *Hannah Arendt: Llibertat política i totalitarisme* (2019) e "Observaciones sobre la vulnerabilidad" (2021).

**Josefina Goberna Tricas**

Enfermeira, matrona, socióloga e doutora en Filosofía. Profesora titular no Departamento de Enfermería de Saúde Pública, Saúde Mental e Materno-infantil da Facultade de Medicina e Ciencias da Saúde da Universitat de Barcelona e secretaria académica de ADHUC-Centre de Recerca Teoria, Gènere i Sexualitat da mesma universidade. Coordina o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Enfermería e Saúde da Universitat de Barcelona/Universitat Rovira i Virgili.

Os seus intereses de investigación céntranse nos aspectos éticos e sociais relacionados coa saúde da muller. Publicou numerosos artigos en revistas científicas, diversos libros e capítulos relacionados con estas temáticas e dirixiu 10 teses de doutoramento. Actualmente é investigadora principal do proxecto "Vulnerabilidad del Pensamiento Filosófico Femenino (VULFIL)" e forma parte do proxecto europeo "Perinatal Mental Health and Birth-Related Trauma: Maximising best practice and optimal outcomes (DEVOTION)". No ano 2010 foi galardoada co Premio de Investigación en Bioética da Fundación Víctor Grífols i Lucas. É directora da revista *MUSAS: revista de investigación en mujer, salud y sociedad* e revisora en diversas revistas científicas nacionais e internacionais.

**María Jesús Movilla Fernández**

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña. Diplomada Universitaria en Enfermería, licenciada en Antropoloxía Social e Cultural e doutora pola Universidade da Coruña no 2009.

Profesora axudante de Escola Universitaria (1999-2003). Profesora titular de Escola Universitaria (2003-2015). Profesora titular de Universidade da Área de Enfermería do Departamento de Ciencias da Saúde (2015-actualidade).



Imparte docencia no Grao de Enfermaría e no Grao de Podoloxía na Facultade de Enfermaría e Podoloxía do campus de Ferrol, así como no Grao de Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde no campus de Oza. Participa como docente no Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS), na especialidade de Investigación Clínica.

No eido da xestión universitaria, ocupou o posto de subdirectora de Enfermaría na Escola de Enfermaría e Podoloxía (2009-2011) e de vicedecana de Enfermaría da Facultade de Enfermaría e Podoloxía (2011-2015). Coordinou a implantación do Máster Universitario en Investigación, Ordenación e Avaliación dos Servizos Sociosanitarios (MIOESS) no curso 2011/2012. Foi directora do Departamento de Ciencias da Saúde desde 2017 até 2020.

Pertence ao grupo de investigación de referencia competitiva GRINCAR da UDC, no marco do cal cofundou o Laboratorio de Investigación Cualitativa en Ciencias da Saúde (LICCs).

A súa actividade investigadora céntrase no eido da investigación cualitativa dos problemas de saúde complexos e das vulnerabilidades e iniquidades que condicionan o proceso de saúde-enfermidade-atención, tendo especial interese na saúde das mulleres como construción social desigual.

É autora de publicacións en revistas da área das ciencias da saúde, tamén participou en monografías e libros. Asiste activamente a congresos nacionais e internacionais vinculados á área de coñecemento de enfermaría.

Dirixiu catro teses de doutoramento, das que 2 recibiron o premio extraordinario de doutoramento da UdC e 3 delas con mención internacional.

### **Silvia Costa Abós**

Enfermeira, licenciada en Antropoloxía Social e Cultural, doutoramento en Socioloxía da Saúde e doutora en Ciencias Enfermeiras.

Profesora titular en Enfermaría na Escola de Enfermaría da Facultade de Medicina e Ciencias da Saúde da Universitat de Barcelona, desde o ano 1997. Impartiu docencia en diferentes materias, ademais de crear, hai 4 anos, dúas novas optativas chamadas “Interculturalidade e Saúde” e “Redes de soporte en Saúde”.

A súa traxectoria docente estivo encamiñada cara á innovación docente e forma parte da Rede Internacional de Investigación en Educación en Enfermaría (RIIEE).

Recentemente, iniciou unha nova liña de investigación sobre a atención á saúde reprodutiva e o parto, colaborando no proxecto VULFIL, liderado por Josefina Goberna.

### **Gemma Cazorla Ortiz**

Matrona desde 2010 en Corporación Sanitària Parc Taulí (Sabadell). Actualmente traballa en hospitalización no Hospital Parc Taulí realizando o seguimento de xestantes de risco, atención ao puerperio precoz, así como no espazo dedicado á lactancia materna no posparto hospitalario. O traballo en hospitalización complementase coa atención ao parto na sala de partos do mesmo centro e a atención ao embarazo e saúde sexual e reprodutiva en centros de Atención Primaria de Sabadell (Barcelona).



Diplomada universitaria en Enfermaría e en Educación Social. Máster Universitario en Investigación e Innovación en Curas Enfermeiras pola Universitat Autònoma de Barcelona. Doutorada no Programa de Enfermaría e Saúde da Universitat de Barcelona coa tese “Inducción de la lactancia en mujeres que adoptan, subrogan o en parejas de dos mujeres”, dirixida por Josefina Goberna e Noemí Obregón, da cal xurdiron artigos publicados en revistas indexadas en JCR sobre a indución da lactancia materna. Profesora asociada na Universitat de Barcelona na materia de Saúde Sexual e Reprodutiva.

### **Elena Laurenzi**

Profesora de Historia do Pensamento Político na Università del Salento (Italia) e profesora contratada da Universitat de Barcelona. Forma parte do Seminari Filosofia i Gènere, do Centro de investigación ADHUC-Centre de Recerca Teoria, Gènere, Sexualitat e do GRC Creació i Pensament de les Dones.

As súas investigacións desenvólvense en dúas liñas: unha dedicada á teoría feminista, con particular atención á discusión entre feminismo, multiculturalismo e interseccionalidade, e outra dedicada ás pensadoras do século XX.

Publicou ensaios sobre María Zambrano, Simone Weil, Iris Murdoch e Françoise Collin. Editou, con À. Lorena Fuster, o número monográfico da revista *Daimon* “Contra la aridez. La propuesta filosófica de Iris Murdoch” (2013); con Marisa Forcina un dobre monográfico da revista *Segni e comprensione: “Reti filosofiche femminili. Ripensare la politica e la tradizione”* (núms. 87 e 88, 2015-2016), e con Cristina Sánchez o monográfico da revista *Lectora* “Europe as conflict” (núm. 24, 2018).

Entre as súas publicacións destacan as monografías *María Zambrano, nacer por sí misma. Ensayos sobre Antígona, Eloisa, Diótima* (1995); *Sotto il segno dell’aurora. Studi su María Zambrano e Friedrich Nietzsche* (2012), e *Il paradosso della libertà. Una lettura politica di María Zambrano* (2017).

Traduciu ao italiano e editou diversas obras de María Zambrano; entre elas: *De la aurora, Las palabras del regreso*, a edición crítica bilingüe do inédito *Dante espejo humano* e o epistolario con Elena Croce *Hasta pronto, y hasta siempre* (2015, gañador do Premio Victoria Aganoor Pompiliij, traducido ao castelán por Pre-Textos en 2020).